

PREGUNTA DE AER RELATIVA A PRIVATIZACIÓN DA FONTE DA PRAZA DE PONTEAREAS. (Rex. Entrada 26.09.2018, 2018-E-RPLN-17).

PLENO 27 SETEMBRO 2018. ACTA 11/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

“Visto o proceso de privatización de goce e uso da fonte da Praza de Ponteareas, materializado en:

- Mesas, cadeiras, cables e carteis que impiden a libre circulación pola praza e o acceso á fonte.
 - Uso da fonte como apoio de amplificadores, cables e louza.
 - Uso da fonte como escoredoiro da louza e de trapos de limpeza.
 - Uso da fonte como apoio dun moble para louza, manteis e incluso un ordenador.
- Preguntamos:

Ten o goberno local deseñada algunha medida estratéxica urxente para paralizar esta privatización encuberta?”

Resposta: sr. González Barbeiro: é certo que fan ocasionalmente un uso inadecuado. Temos unha estratexia porque o que está a suceder afecta ós locais de hostalería que están alí. Xa o estamos poñendo en execución.